

A CARRIZA – INSTRUCCIÓN AOS AUTORES

A *Carriza* é a revista da Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO) e nela publicaranse traballos ornitolóxicos orixinais, e en particular os referidos a inventarios faunísticos, censos, revisións de estatus específicos e estudos de hábitat e distribución, no ámbito de Galicia e áreas limítrofes. Os traballos poderán presentarse como artigos orixinais ou de revisión, notas breves e artigos de opinión. Os idiomas aceptados son o galego (preferentemente) e o castelán.

Os editores enviarán acuse de recibo do material recibido no prazo máximo dun mes. As probas remitidas aos autores deberán ser devoltas nunha semana como máximo, admitíndose soamente correccións de índole tipográfica. Dos traballos aceptados enviarase unicamente unha versión electrónica en formato PDF.

Como norma xeral, as contribucións deberán axustarse ao formato e estilo de números anteriores da revista. Os manuscritos remitiranse sempre en soporte informático, preferentemente en formato Word (arquivo .doc) e por correo electrónico (jasouzab@gmail.com). Deberán axustarse a tamaño A4, nunha soa columna de texto e a dobre espazo, con marxes de 2,5 cm e todas as páxinas numeradas, utilizándose *Times* como fonte. Todas as táboas, apéndices e figuras remitiranse en follas separadas, incluíndo as súas lendas respectivas (no idioma orixinal e en inglés) sobre as mesmas follas. Non se admitirán notas ao pé de páxina. Na táboas e apéndices non se admitirá o emprego de liñas verticais, debendo limitarse as horizontais, en todo caso, á separación do encabezamento. Salvo casos xustificadas, non se admitirá o uso de gráficos en tres dimensións (p. ex., diagramas de pastel). A información contida nunha táboa non deberá ser presentada simultaneamente en forma de gráfico, e viceversa. É moi importante ter en conta que, como norma xeral, **as figuras serán adaptadas polos editores ao estilo da revista**, polo que os autores deberán remitir, unha vez aceptado o traballo, unha relación das variables representadas en cada gráfico e os seus respectivos valores numéricos, coa finalidade de poder recompor correctamente as figuras (esta relación deberá inserirse na páxina seguinte á figura correspondente, facendo referencia á mesma). Admitirase a inclusión de fotografías de boa calidade, se é posible non retocadas mediante Adobe Photoshop® ou outros programas similares (preferentemente en formato .tiff, ou ben en .jpg), a condición de que

sirvan para ilustrar algún aspecto da temática do texto. Os pés destas fotografías indicaranse por correo electrónico, detallando se é posible o nome do autor, a data en que foron tomadas, a localidade e calquera outro dato digno de mención.

Unicamente se escribirá en cursivas os nomes de xénero, especie e rangos taxonómicos inferiores. Todos os nomes comúns, incluíndo os xenéricos, escribiranse en minúscula, seguidos do nome científico completo sen paréntese cando se citen por primeira vez no texto (p. ex.: laverca común *Alauda arvensis*; lavercas *Alauda arvensis*). Nas mencións posteriores recoméndase o uso do nome común unicamente. En caso de empregar o nome científico en repetidas ocasións, a segunda e posteriores mencións ao mesmo faranse abreviando o xénero (p. ex.: *A. arvensis* tras *Alauda arvensis*). As datas deberán presentarse na forma: 01.01.2007 ó 31.12.1998; os milleiros, como: 1.500; as cifras con decimais, como: 0,125. As unidades métricas usuais serán do tipo: mm, cm, m, km, ha, l, g, kg, seg, min, h.

A bibliografía presentarase por orde cronolóxica de publicación no texto, na forma: (Bárcena *et al.*, 1995; Guitián *et al.*, 2004; Sandoval, 2004; Arcos e Salvadores, 2005). No apartado de Bibliografía as publicacións citadas no texto relacionaranse por orde alfabética de primeiro apelido do primeiro autor e por orde cronolóxica. Os diferentes tipos de fontes bibliográficas presentarase segundo os exemplos seguintes:

Arcos, F. e Salvadores, R. (2005). Selección de hábitat de machos territoriais de Sisón Común *Tetrax tetrax* nunha poboación do NW ibérico. *Ardeola*, 52: 151-157.

Sandoval, A. (2004). Parques eólicos mariños. Boletín GIAM, 2: 14-17. Consultado o 31.12.2006 en WWW: http://www.seo.org/media/docs/boletingiam_2.pdf

Guitián, J., Munilla, I., González, M. e Arias, M. (2004). *Guía das aves do Caurel*. Lynx Edicions, Barcelona.

Bárcena, F., Domínguez, J., Villarino, A., González, S. e Freán, M. (1995). Pernileiro *Burhinus oedicephalus*. En X. M. Penas-Patiño (coord.): *Atlas de Vertebrados de Galicia. Tomo II. Aves*, páx. 420-421. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

O formato de **Artigo** reservarase para aqueles traballos de maior extensión e constará dos apartados seguintes, que deberán figurar en páxinas separadas: Título (onde se indicarán os nomes dos autores e as súas direccións postais e electrónicas); Introducción; Área de estudo; Material e Métodos (este apartado e o anterior poderán refundirse nun só a

vontade do autor: Área de estudo e Métodos); Resultados; Discusión (este apartado e o anterior poderán refundirse nun só a vontade do autor); Agradecementos; Resumos (na lingua orixinal e en inglés, incluíndo ata un máximo de 10 Palabras chave); e Bibliografía. No apartado de Resultados deberá evitarse no posible o uso de múltiples subdivisiones, aconsellándose que estas se restrinxan a dous como máximo. A extensión mínima requirida para os Artigos será de 5 páxinas de texto orixinal (excluídos título, resumos, agradecementos e bibliografía), aconsellándose que non se excedan as 20 páxinas (eventualmente, previo acordo cos editores, poderanse publicar artigos de extensión superior).

As **Notas Breves** terán unha extensión máxima de 4 páxinas de texto orixinal e constarán dos apartados seguintes: Título (acompañado dos nomes e direccións dos autores), Texto (sen establecer subdivisiones e reducindo ao mínimo, de ser o caso, as descrições introductorias, de área de estudo e de métodos), Resumo (en inglés) e Bibliografía. Admitirase unha táboa ou diagrama como máximo.

Os **Artigos de Opinión** estruturaranse como as Notas Breves, non sendo obrigatorio o Resumo.